



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 29 de outubro de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

12.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO “COMITÉ ESPAÑOL DE ILUMINACIÓN”, POLA ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” REALIZADO DO 29 DE SETEMBRO AO 1 DE OUTUBRO DE 2021. EXPTE. 52154/444.

Visto o informe xurídico do 13/10/2021 e o informe de fiscalización do 21/10/2021, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2021, asinado pola xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES, RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS DA SUBVENCIÓN.

- I.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, veñen desenvolvendo diversas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética tanto no proxectos de humanización das rúas da cidade, como nos propios proxectos de mellora das infraestruturas dos campos de fútbol. Estes proxectos contemplan investimentos moi importantes na incorporación de novas tecnoloxías nos sistema de iluminación o que redonda tanto na eficiencia lumínica, como no aforro do consumo de enerxía.
- II.- A vista da solicitude realizada polo Comité Español de Iluminación o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos resolveu con data 05/07/2021, que se iniciase o expediente orientado á tramitación dun convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para colaborar conxuntamente neste proxecto e posibilitar a súa realización en Vigo, tendo en conta que a proposta do Simposium Nacional de Alumeado atópase relacionado a exposición de ponencias no marco da eficiencia enerxética, redución da dependencia enerxética así como a aplicación de novas tecnolóxicas no ámbito da iluminación pública, obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia aprobado polo Goberno



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 1 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de España, polo cal, o estudo, análise e debate sobre este ámbito posibilitará un mellor desenvolvemento das actuacións vinculadas con este ámbito.

Esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente o estudo de eficiencia enerxética e a optimización de gastos enerxéticos derivada da iluminación pública.

III.- Polo exposto, cóntase para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra, en virtude do convenio de colaboración desenvolto no expte. 52048-444, formalizado con data 27.09.21, para desenvolvemento do evento, así como para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias tecnolóxicas de iluminación e a súa importancia laboral, social e económica de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico da iluminación.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector da iluminación, aforro enerxético e cidades intelixentes.
- Mellorar o posicionamento estratéxico no desenvolvemento e coñecemento tecnolóxico no sector da iluminación publica sostible.

O referido convenio concreta as bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello para a organización do evento, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da contratación ata a cantidade máxima de 30.492 € incluído o IVE, achegando 25.000 € a Deputación provincial de Pontevedra e 5.492 € o Concello de Vigo.

III. O convenio de colaboración do Concello de Vigo coa Deputación de Pontevedra en expte. 52048/444, recolle como obriga para o Concello a tramitación do correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (COMITÉ ESPAÑOL DE ILUMINACIÓN (G78487832), titular da organización do citado evento), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do referido convenio.

De acordo co exposto, o Concello de Vigo, como instrumentador de políticas de aforro enerxético, é concedente dunha subvención e actúa, tamén, como entidade colaboradora da subvención da Deputación provincial de Pontevedra, xa que, nos termos do artigo 12.1 da LXS, é a entidade que entrega e distribúe os fondos públicos á beneficiaria.

IV. O "Comité Español de Iluminación" é unha entidade privada sen fines lucrativos, que conta na actualidade con máis de 144 socios corporativos (Entidades de diversas administracións e empresas) e 355 socios individuais as título persoal, tanto de España como de toda Europa e América. Entre as súas actividades de carácter formativo e divulgativo organizan anualmente o Simposium Nacional de alumbrado, celebrándose de forma itinerante nas principais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 2 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ciudades de España dende 1.972, a fin de potenciar e promover as industrias e profesionais do sector tecnolóxico da iluminación e mellorar o posicionamento estratéxico no desenvolvemento e coñecemento tecnolóxico no sector da iluminación publica sostible.

O Comité Español de Iluminación, CEI, (G78487832), achega solicitude de subvención en relación ao "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO" remitido en data 19/07/2021 a través do rexistro Web do Concello de Vigo, doc. 210130183. Aportando a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á AEAT expedido en data 23/06/2021.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 23/06/2021.
- Memoria do proxecto subvencionado e orzamento de ingresos e gastos
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á ATRIGA expedido en data 30/09/2021
- Certificación de Tesourería de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo.
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.

A achega económico recollida no presente convenio ascende a 30.492,00 €, imputaranse con cargo á partida 1650.480.00.10 "XLVII Simposium Nacional de Alumeado", dos vixentes orzamentos xerais do Concello de Vigo para o ano 2021.

O orzamento do proxecto subvencionado proposto pola organización se considera axeitado para o alcance das actuacións, de apoio e colaboración económica do evento obxecto do convenio, cara a promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico da iluminación, fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector da iluminación, aforro enerxético e cidades intelixentes e mellorar o posicionamento estratéxico no desenvolvemento e coñecemento tecnolóxico no sector da iluminación publica sostible así como a promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 3 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**XLVII Simposium Nacional de Alumbrado
VIGO 2021**

INGRESOS	
Inscripciones Congresistas	115.875,00 €
Sponsor	31.000,00 €
Subvencion Concello de Vigo para el Auditorio	5.492,00 €
Subvención Diputación de Pontevedra para el Auditorio	25.000,00 €
Total	177.367,00 €
GASTOS	
Auditorio Mar de Vigo (Salas y espacios, mobiliario, jefe produccion, tecnicos. Seguridad, limpieza)	30.492,00 €
Medios Tecnicos, servicios y azafatas	9.395,00 €
Cafes/Comida de trabajo de Congresistas	17.802,00 €
Gastos organización Simposium	19.631,00 €
Carteleria, Programas, Mupys, Documentación	27.595,00 €
Producción Pendrive Ponencias	5.160,00 €
Cena de Clausura	12.500,00 €
Ruta Gastronómica	12.000,00 €
Agencia Presttour (Soporte organización, identificación, autobuses, etc..)	35.200,00 €
Regalos Congresistas	7.592,00 €
Total	177.367,00 €

Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta creada a partida 1650 4800010 "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMEADO", do Servizo de Electromecánicos.

En data 07/10/2021, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da Area de Fomento e Servizos, resolveu "Iniciar o expediente conducente a aprobación dunha subvención directa a favor da entidade "Comité Español de Iluminación", co CIF:G78487832, en relación a organización e celebración en Vigo do "XLVII Simposium Nacional de Alumbrado" nas datas do 29 de setembro e 1 de outubro de 2021.

A tal efecto, consta no expediente memoria xustificativa desta subvención, asinada pola Xefa do servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e conformado polo segundo Tte Alcalde - Concelleiro Delegado da Area de Fomento e Servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 4 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

I.- Obxecto:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención directa nominativa por importe de 30.492,00 €, imputaranse con cargo á partida 1650.480.00.10 "XLVII Simposium Nacional de Alumeado" a entidade "Comité Español de Iluminación" (CIF G78487832), que se instrumentaliza a través da presente resolución cuxo texto se somete a aprobación no presente expediente en relación ao desenvolvemento e celebración do "XLVII Simposium Nacional de Alumbrado" na cidade de Vigo nas pasadas datas do 29 de setembro e 1 de outubro de 2021."

II. Procedemento de concesión directa:

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

Considérase oportuna e de interese público municipal a celebración do "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO", para a promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico da iluminación, fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector da iluminación, aforro enerxético e cidades intelixentes e mellorar o posicionamento estratéxico no desenvolvemento e coñecemento tecnolóxico no sector da iluminación pública



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 5 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sostible, o que fundamenta a tramitación a través dunha subvención directa da achega económica prevista no ámbito do Convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución directa.

A entidade terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, da execución do evento obxecto da subvención.

III. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 30.492,00 €, imputaranse con cargo á partida 1650.480.00.10 "XLVII Simposium Nacional de Alumeado" a entidade "Comité Español de Iluminación" (CIF G78487832),.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

IV.- Procedemento e competencia:

Constan no expediente os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 6 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Dacordo co art. 8.1. letra “b” da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade a concesión da presente subvención e comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez acordada a resolución da mesma a entidade beneficiaria Comité Español de Iluminación” (CIF G78487832).

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer do gasto de 30.492,00 €, a favor da entidade “Comité Español de Iluminación” (CIF G78487832), dos que 5.492,00 € corresponden a achega do Concello e 25.000,00 € son a achega da Deputación Provincial de Pontevedra conforme ao convenio asinado en expte. 52048/444, con data 27/09/2021, que se imputará á aplicación orzamentaria 1650.480.00.10 “XLVII Simposium Nacional de Alumbrado”, para a concesión ao Comité Español de Iluminación da subvención a que se refire o apartado que segue.

Segundo.- Aprobar a concesión dunha subvención directa a favor do “Comité Español de Iluminación” (G78487832) pola organización e desenvolvemento do “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” celebrado na cidade de Vigo, do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021, de acordo coas obrigas e cargas que seguen:

- 1) A entidade COMITÉ ESPAÑOL DE ILUMINACIÓN deberá acreditar que: efectivamente organizou o ““XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” entre as datas 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021; que asumiu todos os gastos derivados da organización do citado evento; que obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades; que publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra; que se Responsabilizou fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento, baixo unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra; que invitou ó Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra a participar de forma activa na nos actos de presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.
- 2) O Comité Español de Iluminación deberá realizar una memoria do evento, cos datos mais relevantes, fotografías e documentación que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do Simposium.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 7 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 3) O Comité Español de Iluminación deberá cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007, así como atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- 4) O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade beneficiaria, unha vez que ésta presente axeitadamente a documentación xustificativa.
- 5) Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

- 6) De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

- 7) A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.
- 8) A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 8 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 30.492,00 euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprarán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.
- 9) Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.
- 10) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” e de forma específica aqueles vinculados a organización do evento no Auditorio Mar de Vigo.
- 11) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo Xefatura do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, emitindo informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.
- 12) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Fomento e Servizos, así como pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- 13) Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 9 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14) Canto do incumprimento das obrigas en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ás infraccións e sancións en que poida incorrer a ésta o procedemento para a apreciación e imposición destas, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

15) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os devanditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Fomento e Servizos do Concello de Vigo.

16) A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

17) Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Terceiro: Rexistrar os datos estruturados da subvención aprobada, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 10 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:50	Páxina 11 de 11
SUBVENCIONS	CSV: A2A75E-B6A186-C3BHE6-H2KT8E-1P7UK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		